

CRONOLOXÍA LOIS PEREIRO

1958 No 1º piso da casa familiar no número 39 da rúa Ourense, en Monforte de Lemos, nace o 16 de febreiro Luis Ángel Sánchez Pereiro. A súa nai, Inés Pereiro Pontón, é mestra e seu pai, Manuel Sánchez Vila, malia ser licenciado en dereito, non exerce e rexenta unha cristalaría no baixo da casa familiar da rúa Ourense. É o segundo fillo do matrimonio; o seu irmán maior, Xosé Manuel Carlos, nacera o 17 de setembro de 1956.

1963 Comeza os seus estudos nos Escolapios, onde tamén estuda o seu irmán Xosé Manuel e os seus veciños e amigos Moncho e Manolo Raíces. Neste colexio tamén cursará todo o bacharelato.

1965 O 3 de xuño nace a súa irmá Inés, que cos anos será confidente e inseparable compañeira dalgunha das súas viaxes. A familia vive en Monforte pero os veráns os tres irmáns repárteno entre a aldea materna en Santa Cristiña do Viso, na Casa Castelo, e a paterna, en Reádigos, as dúas no Incio.

1974 Fai o COU no instituto público da vila e será neste intre cando comece a escribir os seus primeiros poemas, moitos deles dedicados ás súas compañeiras de clase. Coñece a que será a súa compañeira e cómplice durante gran parte da súa vida, Piedade Cabo, así como a Fernando Saco, grande amigo que o acompañará en moitas das súas viaxes.

Malia vivir nun tempo escuro, é unha época de descubertas literarias nas librarías da Monforte (Xistral, Balado e Mapa) e nas de Lugo (Souto). Tamén musicais, en especial grazas aos discos que os seus veciños e amigos, os irmáns Moncho e Manolo Raíces traían de Inglaterra tras as súas estadias estivais. E cinematográficas, pois malia non ter visto moitos dos filmes que lle apaixonan sábeo todo sobre eles, case plano a plano, porque está subscrito a varias revistas de cine.

1975 En setembro, con dezasete anos, marcha a Madrid a estudar Socioloxía na universidade onde xa está o seu irmán Xosé Manuel facendo Xornalismo. Só aturará uns meses, ata a morte de Franco, regresando a Monforte onde se porá a traballar co seu pai na cristalaría.

1976 Regresa a Madrid acompañado desta volta por Piedade Cabo. Matricúlase na Escola Oficial de Idiomas en inglés, francés e

CRONOLOXÍA LOIS PEREIRO

alemán. Son tempos de máis descubertas culturais: concertos, recitais, interminables sesións na Fimoteca Nacional vendo un filme tras outro. Tamén é obrigada a visita os domingos ao Rastro para mercar discos ou roupa.

1977 Funda e edita en Madrid canda ao seu irmán Xosé Manuel, Manuel Rivas e Antón Patiño a revista *Loia* da que tirarán catro números, e onde publica moitos daqueles primeiros poemas.

1978 Coa súa compañeira Piedade Cabo, percorre Andalucía visitando Xaén, Córdoba e Granada onde Lois merca un exemplar en inglés de *Os contos da Alhambra* de Washington Irving. A literaria será sempre unha compoñente moi importante en todas as súas viaxes.

1979 En xullo, e de novo con Piedade Cabo, toma un tren na que será a súa primeira gran viaxe e percorren xuntos os países celtas na procura das pegadas de moitos dos seus heroes literarios e musicais: Jim Morrison, Dylan Thomas, Yeats, Joyce, Stevenson...

1980 Viaxe a Amsterdam con Piedade Cabo e outros amigos. Ao regreso, pasa quince días facendo dedo por Bretaña, visitan a casa de Flaubert en Rouen e en Nantes perseguen a sombra de Xulio Verne, ao que Lois tanto admirara de adolescente.

1981 En Madrid resulta envelenado polo aceite de colza vendido a granel. Dos seus compañeiros de piso el é o máis afectado, quedándolle unhas secuelas físicas que marcarán o resto da súa vida. Tras uns meses de rehabilitación en Madrid, regresa a Monforte. O home de físico esnaquizado que baixa do tren pouco ten que ver con aquel adolescente sedento de experiencias que marchou uns anos antes.

1982 Comeza a vivir co seu irmán Xosé Manuel na Coruña. Neste mesmo ano gaña o seu único premio, o de Poesía O Facho, co poema «Atrocity Exhibición».

1983 Fai un curso de informática na Coruña, en concreto de BASIC. Únese ao colectivo poético De Amor e Desamor no que partillará cos poetas Pilar Pallarés, Lino Braxe, Anxo Mato Fondo, Xosé Monterroso Devesa, Miguel Anxo Fernán-Vello, Manuel Rivas,

CRONOLOXÍA LOIS PEREIRO

Francisco Salinas Portugal, Xavier Seoane e Xulio López Valcárcel, co que fará algúns recitais conxuntos.

Viaxa a Berlín en tren con Piedade Cabo e Fernando Saco atravesando Francia, Austria e Suíza. Nuns xardíns da capital francesa descubren paseando a Greta Garbo e en Austria visitan Salzburgo, a cidade da que renegara o seu admirado Thomas Bernhard.

1984 Participa na antoloxía do colectivo poético *De Amor e Desamor*, editada por Edicións do Castro. Traballa como tradutor de filmes e de series míticas para toda unha xeración de espectadores da TVG como *Kung-Fu* ou *O espanta/lo e a señora King*.

Na compañía de Piedade vai canda o seu irmán Xosé Manuel e o seu grupo *Radio Océano* a Lisboa para a gravación do seu disco de debut. Intenta coñecer a outro dos seus mitos, José Afonso, pero o encontro non se produce pois o músico xa está moi enfermo.

1985 Participa na segunda antoloxía *De Amor e Desamor II*, editada tamén por Edicións do Castro.

Publica algúns poemas no número 0 da revista *Luzes de Galiza*.

Comeza as súas colaboracións na revista *La Naval*, da que chegará a formar parte do seu consello de redacción.

1986 En setembro, viaxe a Santander ao encontro Chove sobre mollado: Semana de las Fuerzas Atroces del Noroeste na Universidade Menéndez Pelayo. Canda el participan moitos dos máis sobranceiros creadores galegos do momento nos eidos da música, a escrita e o audiovisual.

Participa como actor na curtametraxe *Valle de Lágrimas*, dirixida por Jorge Demetrio Rodríguez.

1987 É seleccionado por Julia Barrella para a antoloxía *Después de la modernidad* (Anthropos, 1987), canda Bernardo Atxaga, Pedro Casariago de Córdoba e Luis Alberto de Cuenca.

Nese verán viaxa a Checoslovaquia na compañía do seu amigo Fernando Saco e pasea por fin polas rúas de Praga, a cidade de Franz Kafka e de tantos outros escritores que admira.

1988 A TVG emite o día 25 de xullo o seu guiión televisivo *Qué é Galicia?*

CRONOLOXÍA LOIS PEREIRO

1990 En Semana Santa, na compañía da súa irmá Inés e da súa amiga Pepa Buxán viaxa a Francia, visitando a Bretaña, Normandía e París.

1992 Publica en maio o seu primeiro libro individual, *Poemas 1981/1991* en Edicións Positivas, que presentará en Monforte acompañado do poeta Manuel María e de Xan Antón Rodríguez Vázquez.

Viaxa coa súa irmá Inés a Londres, Amsterdam e Bruxelas, onde cumpre un dos seus soños ao visitar o museo do cómic e ver moitos orixinais de Tintín do seu admirado Hergé.

O día 24 de xullo morre o seu pai, Manuel Sánchez Vila.

1993 Nese verán viaxa na compañía da súa nai e dos seus irmáns Xosé Manuel e Inés a París, desta volta en avión. Será a súa derradeira viaxe.

1994 É internado de gravidade no hospital, onde durante días estará no gume entre a vida e a morte. Diagnostícaselle a SIDA.

1995 Publica en decembro *Poesía última de amor e enfermidade 1992/1995* en Edicións Positivas, que presentará de novo na compañía do poeta Manuel María.

O derradeiro poema deste libro está datado no outono de 1995 e titúlase *Poderíano escoller como epitafio*.

1996 O 31 de xaneiro dá no pub Moka da Coruña o seu derradeiro recital, baseado en *Poesía última de amor e enfermidade 1992/1995*. Acompaña os seus versos de música e reflexións sobre a vida, a dor, o amor e esa morte que sente achegarse ás alancadas.

1996 O 24 de maio morre na Coruña, no cuarto 627 do Hospital chamado daquela Juan Canalejo. O seu corpo é soterrado no camposanto de Santa Cristiña do Viso, no Incio, en presenza de familiares e amigos.

Remataba así aquel vivir seu no soño repetido nas noites dos que o seguían querendo, como el dixera nun poema. Na súa campa pode lerse o derradeiro verso daquel derradeiro poema datado no outono de 1995: *unha húmida mensaxe de vida e de furia necesaria*.

CRONOLOXÍA LOIS PEREIRO

Por ironías do destino, ese mesmo día faise pública a sentenza xudicial polo envelenamento masivo do aceite de colza.

1997 Publícase de xeito póstumo *Poemas para unha loia*, en Espiral Maior, unha recompilación dos seus poemas publicados na revista *Loia*, así como o texto *Modesta Proposición para...* publicado na revista *Luzes de Galiza*, nº 27 do ano 1996.

Este mesmo ano, no nº 28 da revista *Luzes de Galiza* publícanse os oito primeiros capítulos da súa inacabada novela *Náufragos do paradiso*.

A revista de expresión poética *Dorna* dedícalle unha homenaxe no seu nº 23, na que participan entre outros Chus Pato, Vicente Araguas, Suso de Toro e Marta Dacosta.

O 29 de agosto, un grupo de amigos e escritores organiza unha homenaxe a Lois Pereiro na Casa da Cultura de Monforte, na que interveñen as poetas Ana Romaní, Pilar Pallarés, Manuel María, Manuel Rivas e Miguel Anxo Fernán- Vello.

2010 A RAG, en reunión plenaria celebrada o 26 de xuño, a proposta de Manolo Rivas, amigo e compañeiro dende os tempos madrileños, escólleo como homenaxeado do día das Letras Galegas de 2011.